



## II CONCERTO DE VERÁN ACTUACIÓN DO GRUPO BOROA

VENRES 18 DE AGOSTO DE 2023 – 22:00 horas  
NO TEMPLETE DA MÚSICA DE VILALBA

O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), en colaboración co Concello de Vilalba, organiza o **II CONCERTO DE VERÁN**, coa actuación do grupo musical galego **BOROA**, que terá lugar o **venres 18 de agosto de 2023**, ás **22:00 h.**, no **Templete da Música de Vilalba**.

**Boroa presenta "O Clásico Fol" neste ano 2023.**

A banda, liderada por Sabela Olivares, amosa o seu primeiro traballo discográfico cun proxecto que xira ao redor da funcionalidade e a versatilidade da gaita, ademais da súa adaptación ás novas tecnoloxías do século XXI.

Coa gaita como protagonista, Boroa presenta un conxunto de melodías de creación propia construíndo un universo sonoro que propón unha viaxe musical alén do atlántico, que parte da nosa raíz e se achega a harmonías de diferentes xéneros musicais como o swing, o jazz manouche ou o ragtime.

A proposta de Boroa ofrece un directo variado onde se integran, ademais dos temas propios, interpretacións de música contemporánea, de clásicos de cine e repertorio tradicional doutras culturas como a rumana ou a irlandesa.

Cunha sonoridade singular, produto do estilo persoal dos tres integrantes, e unha mezcla de melodías dialogadas, ritmos variados, arranxos creativos e adaptacións de temas pouco comúns para a gaita, a banda ofrece unha posta en escena atractiva e potente, co divertimento e a posta en valor do idioma universal, a música, como obxectivo.

### OBRADORIO DE BAILE GALEGO

Antes de comezar o concerto, **ás 20:00 h.**, e no mesmo lugar, a carón do Templete, **Sabela Olivares**, compoñente do grupo **Boroa**, impartirá un **obradoiro de Iniciación á xota**, para todos os públicos e aberto a todas as persoas que queiran participar (non fan falta coñecementos previos).



# CONCERTO

VENRES

18

Agosto  
2023

DE VERÁN

No Templete da  
Música

VILALBA

22:00 h.

Sabela Olivares  
Gaita, piano, pandeireta e voz

Suso Bello  
Guitarra e voz

Alberto Millán  
Baixo

ÁS 20:00 H. ANTES DO CONCERTO, TERÁ LUGAR NA PRAZA DA CONSTITUCIÓN UN OBRADOIRO DE BAILE GALEGO "INICIACIÓN Á XOTA" PARA TODOS OS PÚBLICOS, IMPARTIDO POR SABELA OLIVARES, COMPOÑENTE DO GRUPO BOROA

Organizado por:



Concerto de  
BOROA


18-08-2023 / 22:00  
ENTRADA LIBRE E GRATUÍTA

NO TEMPLETE DA MÚSICA



Colabora

Concello de Vilalba



Sabela Olivares

GAITA, PIANO, PANDEIRETA E VOZ

Nacida en Vigo en 1981 adicase profesionalmente á música como intérprete e docente dende os 19 anos.

Posee o Título Superior de Música na especialidade de Instrumentos da música Tradicional e Popular, o Título de Profesora na especialidade de Piano e o Título Profesional de Música na especialidade de Gaita.

Paralelamente, amplía a súa formación participando en distintos cursos e seminarios relacionados coa musicoterapia, a pedagogía musical activa e a técnica instrumental

Dende o ano 2004 participa como intérprete e compositora en diferentes proxectos musicais coa gravación de diversos traballos discográficos.

No ano 2022 publica dous libros de valeses para gaita e piano enfocados ao ensino da gaita nos que combina a finalidade práctica coa expresividade e o sentido musical no seu significado máis amplo.


Suso Bello

GUIARRA E VOZ

Produtor musical, compositor e intérprete en grupos como A Compañía do Ruído, Oito nun piso e Boroa, todos eles proxectos vinculados á lingua galega, que teñen como obxectivo a difusión da nosa lingua e a nosa cultura.

Ao longo da súa traxectoria profesional cabe destacar a composición e produción musical de múltiples traballos discográficos entre os que saírentes no apartado de música infantil: "A Cuadrilla da fonte navegante" e "A Landra viaxeira e o amigo Lambor".

Noutros eidos artísticos sobresaia a súa actividade en traballos discográficos en lingua galega como: A Compañía do Ruído (2005), Chuvia 06(2006), Música e patacas (2008), había de chover merda(2010), Pensares galegos(2013), A Cuadrilla da fonte navegante(2013), O Punchi must go on(2018).



Alberto Millán

BAIXO

Posee os títulos de Grao Profesional nas especialidades de gaita e frauta travesa. Estudou baixo eléctrico na Escola de Música Moderna Estudio en Santiago de Compostela.

No ano 1995 comeza a exercer de mestre de gaita e na actualidade leva a sección de gaita e percusión na Asociación Cultural Tahúme de Oliveira, ao mesmo tempo que realiza concertos didácticos de música tradicional e forma parte en varias formacións musicais de diversos estilos, entre as que cabe destacar Os Monifates, grupo de música tradicional e títeres.



ENTRADA LIBRE E GRATUÍTA